

Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a entidade mercantil Faragulla empresarial S.L., en materia de formación profesional dual.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de dous mil dezaioito

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación desta consellería e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

E doutra _____, en representación da entidade mercantil Faragulla empresarial S.L., segundo consta no poder outorgado ante o notario _____, con data _____ e número de protocolo ____.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

1º. Que o día 6 de xuño de dous mil dezaioito asinouse o Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as empresas Hotusa Hotel, S.A. e Restel, S.A., para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas.

2º. Que o obxecto deste convenio é establecer a participación da entidade mercantil Faragulla empresarial S.L., no anterior convenio.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este convenio, con base nas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. A entidade mercantil Faragulla empresarial S.L. acepta as condicións e as cláusulas establecidas no convenio asinado o día 6 de xuño de dous mil dezaoto entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as empresas Hotusa Hotel, S.A. e Restel, S.A., para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas.

Segunda. A entidade mercantil Faragulla empresarial S.L. comprométese a acoller nas súas instalacións a dous alumnos ou alumnas.

Terceira. Amplíase a comisión de seguimento, control e supervisión, establecida no convenio asinado o día 6 de xuño de dous mil dezaoto entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as empresas Hotusa Hotel, S.A. e Restel, S.A., cun representante para a entidade mercantil Faragulla empresarial S.L..

Cuarta. O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do proxecto.

Quinta. Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto no artigo 6 do Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que xurdiren na súa aplicación e non puideren ser solucionadas no seo da comisión de seguimento serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Con respecto da protección de datos, a empresa comprométese a respectar o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección

das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Lido este convenio, atópano conforme e asínano no lugar e na data indicados.

**O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria**

**O representante da entidade mercantil
Faragulla empresarial S.L.**

Asdo.: Román Rodríguez González

Asdo.: _____